

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

16256 LEI 18/2005, do 30 de setembro, pola que se derroga a Lei 23/1986, do 24 de decembro, pola que se establecen as bases do réxime xurídico das cámaras agrarias. («BOE» 235, do 1-10-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 23/1986, do 24 de decembro, pola que se establecen as bases do réxime xurídico das cámaras agrarias, regulou as normas básicas aplicables a estas corporacións de dereito público.

A competencia estatal para promulgar esta lei deriva do artigo 149.1.18.^a, da Constitución española, segundo o cal o Estado é competente para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas. Estas bases operan unicamente como un límite para as comunidades autónomas, que gozan de competencia exclusiva sobre as cámaras agrarias, en virtude da que a Constitución lles reconece sobre agricultura e gandaría (artigo 148.1.7.^a da Constitución), competencia que todas asumiron a través dos seus estatutos de autonomía.

En consecuencia, a lei de derogación diríxese a eliminar a regulación estatal, pero non implica a supresión das cámaras, cuestión que corresponde ao marco de decisión das comunidades autónomas, que serán as que adopten a decisión sobre a súa supresión ou mantemento, o seu réxime xurídico e, de ser o caso, a disolución e liquidación de acordo cos procesos regulados na norma autonómica correspondente.

Por outra parte, a lei establece como funcións propias das cámaras agrarias as de actuar como órganos consultivos das administracións públicas, a administración dos seus recursos propios e do seu patrimonio e aquelas que a Administración pública competente lles poida delegar e, a continuación, prohíbe que as cámaras asuman «funcións de representación, reivindicación e negociación en defensa de intereses profesionais e socioeconómicos dos agricultores e gandeiros», cuestións que lles corresponden ás organizacións profesionais constituídas libremente.

Á perda de funcións das cámaras agrarias engádesse unha segunda razón que aconsella proceder á derogación da Lei 23/1986, do 24 de decembro. Entre as bases que esta regula, existen algunhas que veñen constrinxindo a capacidade das comunidades autónomas para

regular as cámaras agrarias na forma que mellor se adecuen e poidan servir aos intereses do sector agrario nos seus respectivos territorios. Así, a exigencia recollida no artigo 6 de que en cada provincia exista unha cámara agraria con ese ámbito territorial, opción constitucionalmente lexítima pero posiblemente innecesaria, ou algúns dos requisitos que establecen os artigos 8 e 9 para ter a condición de elector e elixible como membros das cámaras, respecto dos cales o Tribunal Constitucional negou incluso que constitúan normativa básica.

De todo isto deriva que as comunidades autónomas solicitasen a eliminación das bases estatais, para que cada unha adopte as decisións que considere máis convenientes.

A lei mantén, finalmente, a representatividade derivada das últimas eleccións ás cámaras agrarias como medida transitoria ata que se estableza un novo mecanismo de medición da representatividade das organizacións profesionais agrarias.

Artigo único. *Derogación da Lei 23/1986, do 24 de decembro, pola que se establecen as bases do réxime xurídico das cámaras agrarias.*

Derrógase a Lei 23/1986, do 24 de decembro, pola que se establecen as bases do réxime xurídico das cámaras agrarias, e se suprime a mención destas cámaras no artigo 15.1.a) da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

Disposición adicional única. *Patrimonio das cámaras agrarias.*

Por aplicación do disposto no artigo 39 do Código civil, o patrimonio das cámaras agrarias que resulten extinguidas, a consecuencia das disposicións legais que puideren aprobar as administracións competentes, deberá destinarse a fins e servizos de interese xeral agrario.

Disposición transitoria única. *Mantemento da representatividade das organizacións profesionais agrarias.*

1. Son funcións das organizacións profesionais agrarias a representación institucional, reivindicación e negociación en defensa dos intereses profesionais e socioeconómicos dos agricultores e gandeiros.

2. No prazo máximo de dous anos, o Goberno remitirá ás Cortes Xerais un proxecto de lei no cal se estableza un novo sistema para a determinación da representatividade das organizacións profesionais agrarias no ámbito estatal.

3. Ata que se aprobe a lei a que se refire o punto anterior, a participación dos profesionais da agricultura articularase a través das organizacións profesionais agrarias, libremente constituídas, mediante procedementos electorais.

4. Os procedementos electorais a que se refire o punto anterior deberán rexerse polas seguintes regras:

a) Serán electores:

1.º As persoas físicas que, sendo profesionais da agricultura, exerzan por conta propia a actividade agrícola, gandeira ou forestal de modo directo e persoal, e coticen á Seguridade Social como consecuencia destas actividades.

2.º As persoas xurídicas que teñan por obxecto exclusivo, conforme os seus estatutos, e que efectivamente exerzan a explotación agrícola, gandeira ou forestal.

b) Corresponderalles ás comunidades autónomas a regulación do procedemento electoral.

c) A circunscrición electoral será a que determine cada comunidade autónoma.

d) Consideraranse máis representativas, no ámbito da Administración xeral do Estado, as organizacións profesionais agrarias que obtivesen no dito ámbito polo menos o 10 por 100 dos votos válidos nos correspondentes procedementos electorais.

e) Aquelas organizacións profesionais agrarias que teñan a condición de máis representativas desenvolverán funcións de representación institucional ante as administracións, entidades e organismos de carácter público.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia estatal sobre as bases do réxime xurídico das administracións públicas prevista no artigo 149.1.18.ª da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16259 *REAL DECRETO 1164/2005, do 30 de setembro, polo que se suspende temporalmente a aplicación dunha parte do anexo V da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo. («BOE» 235, do 1-10-2005.)*

A norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, e modificada polo Real decreto 238/2000, do 18 de febreiro, incorpora a Directiva 79/112/CEE do Consello, do 18 de decembro de 1978, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, así como as súas posteriores modificacións, entre elas, a Directiva 97/4/CE do Parla-

mento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro de 1997. No ano 2000, co fin dunha maior claridade e racionalidade, procedeuse á codificación desta directiva mediante a Directiva 2000/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros en materia de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

A norma xeral modificouse novamente, mediante o Real decreto 1324/2002, do 13 de decembro, que incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2001/101/CE, da Comisión, do 26 de novembro de 2001, pola que se modifica a Directiva 2000/13/CE, e a Directiva 2002/86/CE da Comisión, do 6 de novembro de 2002, pola que se modifica a Directiva 2001/101/CE.

Posteriormente, a Directiva 2003/89/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de novembro de 2003, pola que se modifica a Directiva 2000/13/CE, incorporouse ao noso ordenamento xurídico interno mediante o Real decreto 2220/2004, do 26 de novembro, polo que se modifica a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo.

Así mesmo, a Directiva 2004/77/CE da Comisión, do 29 de abril de 2004, pola que se modifica a Directiva 94/54/CE no que respecta á etiquetaxe de determinados produtos alimenticios que conteñen ácido glicirrónico e o seu sal amónico, incorporouse ao noso ordenamento xurídico interno mediante o Real decreto 892/2005, do 22 de xullo, polo que se modifica a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo. Con esta norma establécense outras mencións obrigatorias, distintas das previstas na Directiva 79/112/CEE do Consello, do 18 de decembro de 1978, no que respecta á etiquetaxe de determinados produtos alimenticios.

A recente aprobación da Directiva 2005/26/CE da Comisión, do 21 de marzo de 2005, pola que se establece unha lista de substancias ou ingredientes alimentarios excluídos provisionalmente do anexo III bis da Directiva 2000/13/CE, exige unha nova modificación da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

Este anexo establece unha lista de ingredientes alimentarios que deben indicarse na etiqueta do produto porque poden causar reaccións adversas a persoas sensibles. Non obstante, de acordo coas disposicións da Directiva 2000/13/CE, a Comisión pode excluír temporalmente do referido anexo algúns destes ingredientes ou produtos.

En exercicio desta facultade, por medio da nova Directiva 2005/26/CE, a Comisión elaborou unha lista de substancias ou ingredientes alimentarios excluídos provisionalmente do anexo III bis da Directiva 2000/13/CE ata o 25 de novembro de 2007, dado que os estudos científicos realizados ao respecto poñen de manifesto a baixa ou nula probabilidade de que causen reaccións adversas a persoas sensibles, aínda que nalgúns casos non se pode establecer unha conclusión definitiva, polo que se procede á súa exclusión provisional á espera de que os fabricantes de alimentos ou as súas asociacións realicen estudos científicos que establezan que estes ingredientes ou produtos cumpren as condicións para a súa exclusión definitiva do citado anexo.

En consecuencia, por medio deste real decreto incorpórase a citada directiva ao ordenamento xurídico interno e exclúense transitoriamente, para os efectos da súa aplicación, determinados ingredientes e substancias do anexo V da norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª e 16.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade